



ECONOMÍA. MERCADO LABORAL

ACTIVIDADE: O MERCADO LABORAL EN GALICIA

Os datos necesarios para poder responder as preguntas deste cuestionario están dispoñibles na seguinte ligazón: http://www.ige.eu/estatico/educacion/FEIRA/Feira_2012.htm

1) Completa a información da seguinte táboa

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia
(miles de persoas)

	2010	2011
Total	2.383,3	
Activos	1.300,9	
Poboación ocupada	1.100,7	1.083,0
Poboación parada	200,3	228,3
Inactivos	1.082,4	1.065,8

2) Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas

- a. Os estudantes clasifícanse como inactivos Verdadeiro Falso
- b. Os parados son activos Verdadeiro Falso
- c. Activos = ocupados + parados Verdadeiro Falso
- d. Os pensionistas son inactivos Verdadeiro Falso

3) Calcula para o ano 2011 as seguintes taxas para Galicia

- a. Taxa de actividade (activos/total * 100)%
- b. Taxa de ocupación (ocupados/total * 100)%
- c. Taxa de paro (parados/activos * 100)%

4) Se a taxa de paro en Galicia no ano 2011 era do 17,4% isto quere dicir (selecciona unha opción):

- O 17,4% do total da poboación galega está parada
- O 17,4% da poboación en idade laboral está parada
- O 17,4% da poboación activa galega está parada

5) ¿En que porcentaxe se incrementou o número de parados no ano 2011 respecto ao ano 2010?

- 28%
- 14%
- 12%
- O número de parados diminuíu

6) Na seguinte táboa móstrase o número de ocupados segundo o sector no que traballa (miles de persoas)

	2011
Total	1.083,0
Agricultura e pesca	83,2
Industria	175,5
Construción	91,3
Servizos	733,0

Completa a seguinte gráfica:

